

## BANDO INFORMATIVO

### AXUDAS ECONÓMICAS A TRAVÉS DO PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR PARA COIDADORAS/ES DE PERSOAS CON DEPENDENCIA OU DISCAPACIDADE

**LUIS REY VILLAVERDE, ALCALDE do Concello de Oroso**

**INFORMA** da apertura do prazo de solicitude do programa Respiro. Orde do 26 de maio de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas económicas ás familias con persoas en situación de dependencia ou con discapacidade a través do programa Respiro familiar para persoas cuidadoras e se procede á súa convocatoria para o ano 2021. (DOG nº 109 do 10/06/2021) **BS614B**

**OBXECTO:** Ademais da modalidade Respiro en residencia, o programa de Respiro de persoas cuidadoras subvencionará a prestación de servizos de atención e coidado no propio domicilio da persoa en situación de dependencia ou con discapacidade a través da modalidade Respiro no fogar, co obxecto de facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das/os cuidadores e mellorar calidade de vida de todas as persoas implicadas.

#### MODALIDADES E CONDICIÓNS ECONÓMICAS:

- A) Respiro no fogar:** para financiar a atención puntual, integral e directa no propio fogar da persoa dependente ou con discapacidade. O servizo deberá ser prestado por persoal profesional legalmente acreditado con formación específica en atención a persoas con necesidades especiais e contratado directamente pola persoa cuidadora solicitante da subvención, comprendendo as tarefas previstas na convocatoria. A contía da axuda pode acadar ata o 100 % do custo das tarefas previstas cun máximo de 1.000€ por beneficiario/ano. A axuda farase efectiva unha vez que se presente a documentación xustificativa.
- B) Respiro en residencia:** para financiar estadias temporais en centros residenciais da Comunidade Autónoma de Galicia. O centros residenciais elixidos polos beneficiarios deberán estar autorizados pola Consellería de Política Social para a atención de persoas en situación de dependencia para poderen prestar o programa de Respiro Familiar. A contía da axuda pode acadar ata o 100 % do custo das actuacións previstas na convocatoria, cun máximo de 1.500€ por beneficiario/ano. A axuda farase efectiva unha vez que se presente a documentación xustificativa.

O período subvencionable comprenderá desde o 1 de xaneiro de 2021 ata o 30 de novembro de 2021.

#### REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS:

- A) Que ben a persoa cuidadora solicitante da subvención ou ben a persoa ou persoas que atenda sexan residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.
- B) Que a persoa a que se atende presente calquera das seguintes situacións:
1. Discapacidade física, psíquica ou mental con necesidade de axuda de terceiras persoas para as actividades da vida diaria, e ter recoñecida polo organismo competente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 75 %.
  2. Ter recoñecida a situación de dependencia polo organismo competente; grao II ou III.
  3. Que a persoa a que se atende presente unha situación de necesidade de terceiros para as actividades da vida diaria, acreditada mediante informe médico e social.

**PRAZO DE PRESENTACIÓN:** Ata o 30 de setembro de 2021

**MÁIS INFORMACIÓN:** Departamento de Servizos Sociais do Concello, rúa do Deporte 5-7 baixo, Sigüeiro, Oroso. CITA PREVIA no teléfono 981 688 950. (DOG nº 109 do 10/06/2021)

Oroso, 10 de xuño de 2021.

O Alcalde, Luís Rey Villaverde.

